

## A D.O. Ribeira Sacra lleva recolleitos 575.005 quilos despois de comezar onte oficialmente a vendima

A D.O. Ribeira Sacra fixaba como data recomendada para o inicio oficial da vendima este 15 de setembro, aínda que algunhas adegas iniciaron a recollida de uva de determinadas variedades no últimos días de agosto. Tras o primeiro día oficial de vendima entraron en adegas **575.005 quilos de uva, dos que a maioría corresponden a Mencía, 251.682 quilos.**

As cantidades por variedades distribúense do seguinte modo:

### Variedades tintas

- **Mencía 251.682 quilos**
- Merenzao 14.676 quilos
- Brancellao 7.111 quilos
- Caíno tinto 4.270 quilos
- Garnacha 2.986 quilos
- Mouratón 1.363 quilos
- Tempranillo 37 quilos

### Variedades brancas

- **Godello 236.728 quilos**
- Albariño 32.245 quilos
- Treixadura 14.343 quilos
- Dona Branca 3.582 quilos
- Branco Legítimo 1.334 quilos
- Torrontés 1.163 quilos
- Loureira 935 quilos

Das **92 adegas** que esperan vendimar ao amparo da D.O. Ribeira Sacra nesta campaña, 41 están vendimando, 47 adegas estarían pendentes de comezar os traballos de recollida de uva e 4 xa finalizaron. Os viticultores rexistrados para esta vendima son 2.208 e as hectáreas rexistradas 1.270. A uva que está a entrar en adega ten un estado sanitario óptimo.

